

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Intervención - Tesouraría

Aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao exercicio 2023

ANUNCIO

Por Resolución da alcaldía núm. 277/2023 do 5 de abril acordouse:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao exercicio 2023 e que consta de 3.591 recibos por un importe total de 269.772,29 euros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público todos os datos incorporados ao padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do edicto correspondente no Boletín Oficial da Provincia, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.- A recadación da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao exercicio 2023 será realizada pola Deputación Provincial da Coruña, por delegación da Corporación Municipal deste Concello, ao abeiro do disposto no art. 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos períodos habituais e previa publicación no BOP, nas datas e lugares establecidos polo servizo competente do organismo provincial.

Contra as liquidacións que son obxecto de notificación colectiva se poderá interpoñer, perante a alcaldía deste concello, o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais. O prazo de interposición é de un mes contado desde o día seguinte ao do remate do período de información pública ao que fai referencia o parágrafo anterior. O recurso de reposición será resolto no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación, e se entenderá desestimado cando non recaia resolución en prazo.

Contra a resolución do recurso de reposición poderase interpor, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Ponteceso, 10 de abril de 2023

O alcalde

Xosé Lois García Carballido

2023/2626